


# ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA
## Entidades participantes no Culturgal 2024

XUNTA
DE GALICIA




# A FEROZ cooperativa

AFEROZ

A Feroz nace no 2016 ca ansia de dar contexto ao noso amor.

Amor. Amor pola verdade, polos proxectos honestos, por contar dende as tripas o que nos sucede, pola mestura das artes, de disciplinas, de ciencias, de corpos e de miradas.

Esta compañía nace coa vontade clara de trascender xuntos as nosas barreiras persoais para poñer en común en escena as preguntas e todas as posibles respostas.

Nacemos á vida como promesa. Todo o que temos queda depositado aí, na posibilidade infinita de chegar a ser todo o que se pode ser a través da arte.

**web | instagram | facebook | youtube**

# A MORADA cooperativa




AMORADA

A Morada é unha cooperativa sen ánimo de lucro no eido social en Vigo.

Ofrecemos ás mulleres un espazo de encontro, un lugar de lecer, asesoramento e formación, conectado coa comunidade e onde os coidados están no centro.

O patio de veciñas onde atopármonos.

**web | instagram | facebook**

XUNTA DE GALICIA

# A TALANGREIRA DO BEQUE
## cooperativa




O dicionario do léxico morracense *UNHA MARÉ DE PALABRAS* define talangreira así: “s.f. Unha morea de cousas en desorde."

Somos unha cooperativa enclavada en plena natureza que pretende ofrecer unha "talangreira" de servizos para facer un chisco máis feliz a todos aqueles que pisen este lugar.

Estamos situados na Fraga, un barrio da parroquia de Berducedo, no concello pontevedrés de Moaña, na Comarca do Morrazo.

A nosa cooperativa conta actualmente con tres socios traballadores: Roberto, Laura e Manuel. Organizamos todo tipo de eventos. Eventos familiares, concertos, monologos, festivais, eventos deportivos e un largo etc.

A Talangreira se ten que vivir para poder describir o que é.

**web | instagram | facebook**

XUNTA DE GALICIA

# AVADA cooperativa




Avada é unha cooperativa de traballo asociado adicada ao lecer educativo, cultura e educación medioambiental.

Cremos nunha aprendizaxe significativa a través dunha metodoloxía activa, dinámica e participativa.

Contamos cun gran equipo de especialistas no campo con máis dunha década de experiencia en postos de execución e coordinación de actividades de ocio e tempo libre con crianzas, adolescentes ou persoas de terceira idade, e a nosa paixón é compartir os nosos recursos coas persoas que queiran achegarse a el.

**web | instagram**

# CATRO VENTOS cooperativa




Catro Ventos Soc. Coop. Gal. SAL é a editora viguesa adicada á ecoedición de obras conscientes en galego. Os libros do seu catálogo pertencen a diferentes xéneros nos que están representados cando menos un dos seguintes eidos: economía social, ecoloxía, consumo sustentable, dereitos humanos e crianza alternativa.

**web | instagram | facebook | linkedin | x**

XUNTA
DE GALICIA

# CHARLATANA cooperativa




CHARLATANA é un espazo galego de creación, produción e distribución cultural. Está integrada polas compañías Peter Punk Pallaso, Brais das Hortas e Marta Ortiz. Ademais, conta cun catálogo de artes escénicas e música formado por distintas compañías e bandas galegas.

**web** | **instagram** | **facebook** | **youtube**




# CUARTO DE INVERNO cooperativa




Cuarto de Inverno é unha editorial independente con sede na Galiza, mais os seus libros son libres de voar aló onde queiran. Publicamos libros porque gostamos deles, mais tamén axudamos a escribilos, a corrixilos, a deseñalos,...

Gústannos novidosos e arriscados, riquiños e coidados, afoutos e combativos e na súa totalidade: desde a portada até as gardas, desde o código de barras até o colofón.
Os libros que editamos implican unha actitude e un posicionamento vital; un xeito, o noso, de ver o mundo e de estarmos nel.

**web | instagram**

XUNTA DE GALICIA




# CULTURACTIVA cooperativa

Somos un grupo cooperativo de 15 traballadoras que funciona en rede de forma colaborativa acompañando a máis de 100 artistas de diferentes xeografías, estilos e linguaxes.

En Culturactiva cremos na cultura como motor de cambio, como unha ferramenta para mellorar a sociedade. Esa é a razón pola que nos erguemos cada día dende hai 25 anos para traballar na xestión cultural, o teatro, a música, o circo, a produción escénica e musical, a distribución, a xestión integral de programacións e a organización de festivais e proxectos culturais. Así achegamos solucións reais ás necesidades das programadoras de entidades e institucións galegas e estatais.

Culturactiva non se entende sen o noso compromiso co país, que se traduce na nosa aposta por espectáculos e festivais que potencian o noso idioma, a igualdade de xénero e a inclusión social, e coa solidariedade internacional. Materialízase no noso soporte e impulso ao colectivo Pallasos en Rebeldía que naceu na Galiza e que agora se espalla por case todos os continentes. Toda unha rede internacional de artistas de circo que promove a solidariedade e a risa como ferramentas para mudar o mundo. Dende Pallasos en Rebeldía perseguimos a utopía e apoiamos a loita pola supervivencia dos pobos en conflito: Palestina, Brasil, Sáhara, Idomeni, Calais ou Chiapas.

**web | instagram | facebook**




# CUNDE cooperativa

Cunde somos unha cooperativa de traballo asociado que ofrecemos servizos de produción e temos como labor principal o deseño, xestión, coordinación e produción de eventos principalmente culturais.

Achegamos sempre as mellores solucións para o proxecto que o cliente teña en mente.

Asemade, poñemos a disposición a mellor selección de persoal e os servizos auxiliares precisos -todo tipo de medios e recursos- para levar adiante calquera evento.

**web | instagram | facebook**

XUNTA DE GALICIA

# DEZDEDEZ sociedade laboral




DEZDEDEZ

Dezdedez acaba de cumplir 25 anos na xestión cultural.

Adicámonos especialmente ao terreo musical, representando a artistas como Silvia Penide e Leticia Rey, ademáis de ser axentes de zona para Pedro Pastor y los Locos Descalzos, El Jose, Hermana Furia...

Tamén organizamos o Ciclo Elas Son Artistas e xestionamos a programación completa da Sala Mardi Gras da Coruña.

**web | facebook**

XUNTA DE GALICIA

# ILLA BUFARDA cooperativa

Na Illa Bufarda navegamos entre a creatividade e a curiosidade.

Nesta produtora fiamos historias a través do audiovisual, da fotografía, do deseño, da animación e da comunicación.

**web | instagram | facebook**
**linkedin | vimeo | x**




XUNTA DE GALICIA

# MAGIA EN LA MANGA
## cooperativa

Magia en la Manga é unha compañía profesional de ilusionismo conformada por tres magos galegos con máis dunha década de experiencia sobre todo tipo de escenarios en todo o territorio nacional: Óscar Fernández, Sara Rodríguez e Carlos Tomico. Todos eles cun estilo e forma de facer de seu, pero co obxectivo común de difundir e poñer en valor a maxia como arte escénica en pleno dereito.

Dende a súa orixe en 2018, a compañía especializouse en producións dirixidas a programacións culturais en diversos formatos para público familiar. No 2023, a compañía da outro paso na súa traxectoria ao convertirse na primeira compañía de maxia asociada a Escena Galega, así como coa apertura da primeira escola de maxia de Galicia en Vigo.

Na súa traxectoria, Magia en la Manga foi recoñecido no Pont-Up Store 2019 como mellor proxecto de emprendemento na categoría de Formación, Educación, Arte e Cultura pola súa orixinalidade, calidade e profesionalidade. Entre as nosas colaboracións encóntranse o Museo Centro Gaiás, Xacobeo 2021, Xunta de Galicia, Fundación Ciudad de la Energía, Vigocultura, Salón do Libro de Pontevedra, Vialia Vigo ou Grupo SM, entre moitos outros.

**web | instagram | facebook**




XUNTA DE GALICIA

# MIRAXE cooperativa




Miraxe, S. Coop. Galega somos unha cooperativa de traballo asociado fundada en 2017 por profesionais que traballamos na cultura, nas artes escénicas e musicais, con técnicos de son, iluminación e produción, para dar cobertura aos nosos clientes, aos que, en estreita colaboración, ofrecemos solucións personalizadas e anovadoras.

Traballamos seguindo os principios da economía social, perseguindo a estabilidade laboral e a formación continua de calidade para estar ao día da evolución tecnolóxica do noso sector.

Creamos equipos multidisciplinares de traballo para dar servizo e garantir que cada espectáculo se converta nunha experiencia única e inesquecible.

**web**

XUNTA DE GALICIA

# MIUDIÑO cooperativa

MIUDIÑO é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro. A Cooperativa Miudiño nace do mundo da ilusión e dos soños, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre sí van dando vida a todo o que facemos: modificación de patios escolares, espazos de xogo, obradoiros, contacontos, xoguetes e contos que xurden da cooperación entre a artesanía, a psicoloxía e a educación ambiental.

**web | instagram | facebook | youtube**

## con conexión a...

MITOLÓXICAS: Tenda on line de mitoloxía galega, con produtos de bonequería artesanal, libros e xogos, establecéndose como sitio integrador de persoas interesadas na posta en valor e divulgación dos mitos, os seus seres e os espazos sagrados da nosa terra.

**web**
**instagram**
**facebook**



# O CABLE INGLÉS cooperativa

o cable inglés

cooperativa cultural




Recuperan un dos episodios máis descoñecidos da nosa historia como metáfora para crear e comunicar cultura a través da xestión integral de proxectos culturais sostibles implicados co territorio e os seus habitantes, ofrecendo servizos de comunicación, produción e deseño.

**web | instagram | facebook | youtube**

XUNTA DE GALICIA

# SACAUNTOS cooperativa

sa ca un TOS cooperativa gráfica

Sacauntos é unha cooperativa gráfica que oferta servizos de deseño gráfico e web e impresión en grande e pequeno formato.

Somos diferentes no noso xeito de traballar e de abordar proxectos. Temos vontade de vivir do noso traballo e de facelo ben, de traballar para nós mesmos e de ofertar un bo servizo. Cada un de nós ten orixes e formacións diversas, e iso fainos unha equipa versátil e con recursos. Manobramos de formas que outras imprentas ou equipas de deseño non pode facer.

Temos unha forte vocación social: colaboramos con coletivos e asociacións de todo tipo, coa vontade de ter un impacto na nosa contorna. Queremos ser imprenta de barrio, mais tamén un referente para as persoas que inician os seus proxectos culturais ou actividstas. Facemos isto ofertando mellores condicións e axuda aos colectivos sociais que traballan con nós.

Ás veces temos a sensación de traballar máis nun clube social que nunha empresa ao uso: é habitual que o noso local sexa punto de encontro para empresas, colectivos e individuos de todo tipo. Máis dun proxecto que seguramente coñezas naceu aquí.

**<u>web</u> | <u>instagram</u> | <u>facebook</u>**




XUNTA DE GALICIA

# URDIME cooperativa

SOMOS A URDIME

URDIME é o conxunto de fíos paralelos que se manteñen en tensión nun marco ou tear, formando a base necesaria para que ao entrelazarse coa trama sexa posible a creación dun novo tecido.

Se nos atemos ao significado, "URDIME" nace froito da unión das sinerxias de varias profesionais da xestión cultural, construindo pontes e camiños que xuntan coñecementos e enerxías, co fin de xestionar proxectos culturais.
Tecemos entre todas un equipo de persoas, á disposición da cultura, que dispoñen das ferramentas necesarias para levar a cabo propostas culturais, que achegan a todo o territorio galego artistas de larga traxectoria e novas compañías, mantendo unha actividade profesional de comunicación constante e creativa para achegarnos á comunidade.

A nosa URDIME componse de tres fios básicos:

1. Accción cultural Entre os principais labores que realiza URDIME están o deseño de eventos culturais e o asesoramento ás institucións, tanto públicas como privadas, na contextualización de proxectos e na execución dos mesmos.
2. Distribución: En URDIME, intégrase unha das principais distribuidoras de artes escénicas e música de Galicia
3. Produción de eventos: Lévase dende dentro da propia Urdime a execución de todos os proxectos deseñados, pois dispoñemos tanto dun equipo profesional de produción coma das infraestruturas precisas para levar a cabo a construción de cada evento.

**web** | **instagram** | **facebook** | **youtube**



# 13 GRADOS cooperativa

13 GRADOS

13 Grados é unha cooperativa sen fins de lucro dende a que traballamos para achegar o medio mariño galego á xente dun xeito accesible e novidoso e sempre dende a perspectiva da educación ambiental, de xeito que, ademais de amosar a beleza, biodiversidade e importancia do fondo do mar, buscamos facer partícipes ás persoas na súa conservación.

**web | instagram | facebook**




XUNTA DE GALICIA

# 7H cooperativa

7H Cooperativa Cultural é un proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social solidaria e, por tanto, centrado nas persoas e na comunidade. Tras case 10 anos de experiencia, afianzámonos como unha cooperativa cultural especializada en proxectos artísticos participativos e de base comunitaria, feministas, sociais e cunha forte vinculación ao territorio.

As nosas áreas de actuación céntranse na xestión e mediación cultural, a educación e a arte. Como especialistas na realización integral de proxectos e actividades, comisariado de exposicións e dirección e coordinación de programas artístico-culturais, traballamos de xeito minucioso desde a súa formulación inicial até a súa execución final.

A aposta por dinámicas de creación colectivas, baseadas na participación activa e inclusiva de todas as persoas, ás que consideramos suxeitos con capacidade de expresión artística e non simples públicos pasivos, é un dos nosos sinais de identidade.

**web | instagram | facebook | youtube | x**



ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

Asento 20

Fila 24

29 de novembro de 2024 · 11:00h

**FEIRA DAS CULTURAS GALEGAS**

→

01 de decembro de 2024 · 20:00h

**CULTURA SOCIALMENTE RESPONSABLE**

XUNTA DE GALICIA